

Nota informativa sobre o RD 954/2015, de 23 de outubro, polo que se regula a indicación, uso e autorización de dispensación de medicamentos e produtos sanitarios de uso humano por parte dos enfermeiros

Esta norma básica, publicada no BOE o 23 de decembro de 2015, é un desenvolvemento regulamentario do RD lexislativo 1/2015 de 24 de xullo que aproba o texto refundido da lei de garantías e uso racional do medicamento.

Este precepto establece que os enfermeiros e outros profesionais poderán usar, indicar e autorizar para dispensar, tanto medicamentos como produtos sanitarios de uso humano, conforme ás previsións que o propio texto normativo establece para o exercicio desta competencia.

En todos os casos, requírese que o enfermeiro obteña, tanto no ámbito dos coidados xerais, como especializados, unha acreditación. E que dispoñamos de protocolos e guías de práctica clínica e asistencial validados para todo o Sistema nacional de Saúde.

A realidade evidencia, a día de hoxe que, tanto para a presencia de enfermeiros acreditados (o prazo que outorga o RD para a resolución deste procedemento é de seis meses, segundo o especificado no seu artigo 10), como para contar con protocolos consensuados e validados, inexorablemente, ha de transcorrer un tempo, que a propia norma prevé.

Sen embargo, por encima desta realidade, a actividade asistencial e a garantía na prestación de asistencia nos centros e institucións sanitarias dos distintos servizos e provisores de saúde, debe continuar.

Por iso, en tanto o Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad non dita instrucións para o desenvolvemento e aplicación do RD, e se avanza na súa

implantación, para preservar os seus niveis de calidade, e co fin de garantir esta normalidade e continuidade asistencial na prestación da asistencia nos centros e institucións sanitarias, procede precisar algúns aspectos dentro do conxunto de actuacións asistenciais habituais:

- De acordo coa xurisprudencia do Tribunal Supremo e coa propia lei, identifícase como profesional responsable do diagnóstico, a instauración dun tratamento e a súa prescrición, ao médico (tamén ao odontólogo e podólogo, nos seus respectivos ámbitos de actuación). Por iso, o médico debe rexistrar sempre na historia clínica, a través dun documento normalizado (independentemente do seu soporte), as decisións e ordes de tratamento da súa competencia, e transmitilas e trasladalas eficaz e formalmente ao profesional de enfermería.
- Sempre que o profesional prescriptor, teña deixado, como debe, na historia clínica, o no seu caso, na correspondente receita, rexistro dos medicamentos a administrar ao paciente, os profesionais de enfermería, procederán ao seu uso e administración para unha adecuada preparación do paciente de cara á realización de determinadas probas complementarias ou á indicación terapéutica realizada.
- Ante unha situación de estado de necesidade, o profesional sanitario, dentro do seu ámbito competencial deberá, en todo caso, actuar pola protección da saúde integridade, e vida do paciente.
- En situacóns de urxencia a actuación do equipo asistencial acomodarase ao seu habitual quefacer; ben sexa no nivel de atención primaria, no extra hospitalario ou, tamén no hospital, conforme ao desempeño protocolizado habitual. A actuación debe guiarse e inspirarse tanto polo sentido deontolóxico como pola boa praxe, e o sentido común.

Todo elo, sen prexuízo do necesario rexistro escrito, tanto do acto asistencial, como da información diagnóstica e terapéutica. E por parte do profesional prescriptor, debe

recordarse a súa obriga de anotación e constancia escrita de todos os medicamentos e produtos sanitarios administrados, áínda que sexa nun momento ulterior.

- En atención de enfermería nos centros e servizos de Atención Primaria e de Asistencia Especializada, así como na visita ou atención a domicilio, a actuación dos enfermeiros deberá axustarse á actividade habitualmente despregada conforme ás guías e protocolos de asistencia que teñan instaurados, sendo o profesional de enfermería o responsable dos coidados, tanto xerais, como especializados, debendo aplicalos, en mérito á elevada cualificación profesional, que lle outorga a súa titulación, e conforme ao sentido deontolóxico, profesional e de máxima dedicación, que o seu vínculo e compromiso ético, lle determinan. Por elo, deberá utilizar os medios, incluído o material sanitario que precise, para a mellor atención dos pacientes segundo os coidados requiridos.
- Nas campañas de vacinación, convén coñecer que, cando se vacina á poboación, no marco dunha campaña, actúase como consecuencia dunha decisión da autoridade sanitaria en materia de saúde pública, ante un risco epidemiolóxico detectado e para preservar a saúde pública e a dos individuos máis expostos. Elo non require un diagnóstico previo, posto que áínda non hai enfermos, nin enfermidade que diagnosticar, xa que o que se identifican, son as cohortes poboacionais máis expostas a ese risco, co obxectivo de previr, precisamente, que enfermen. Estas persoas (grupos ou cohortes) son as que deben ser inmunizadas, en cumprimento desa orden da autoridade sanitaria.

En aras da continuidade asistencial e do correcto funcionamento organizativo, que a todas as administracións sanitarias incumbe, e ata que se desenvolvan e materialicen os aspectos contidos no Real Decreto 954/2015, os profesionais sanitarios, tanto os prescriptores, como os enfermeiros, actuarán conforme ás previsións do ordenamento xurídico vixente, informado polo precepto do art. 79.1 do Real decreto lexislativo 1/2015 de 24 de xullo, e antes de aprobarse este texto refundido e, desde o 26 de xullo de 2006, polo art. 77.1 da súa lei, a lei 29/2006, de garantías e uso racional do medicamento. A este efecto convén recordar que esta norma, de rango legal, é a que



contén os principios e previsións que desenvolve o real decreto 954/2015 e que, evidentemente o seu rango normativo é superior ao de calquera norma regulamentaria, é dicir, a de calquera real decreto, como é o caso do citado.

En garantía da maior seguridade dos pacientes, e da calidade do servizo sanitario, promovendo o mellor exercicio protocolizado da competencia profesional, a seguridade de todos os procesos, e procurando a efectividade dos tratamentos instaurados, sirva este documento como nota informativa, para o ámbito do Servizo Galego de Saúde, ante as posibles dúbidas que poidan xurdir trala publicación da norma citada e, ata que se completen as súas previsións.

A responsabilidade civil e patrimonial dos profesionais de enfermería do Servizo Galego de Saúde está cuberta nos termos e condicións establecidas na poliza subscrita ao efecto, que se pode consultar no portal web da Consellería de Facenda, no apartado 'documentos'.

Santiago de Compostela, 1 de marzo de 2016

O Conselleiro de Sanidade,



Asdo. Jesús Vázquez Almuíña